

3377 *REAL DECRETO 227/2006, do 24 de febreiro, polo que se complementa o réxime xurídico sobre a limitación das emisións de compostos orgánicos volátiles en determinadas pinturas e vernices e en produtos de renovación do acabado de vehículos. («BOE» 48, do 25-2-2006.)*

O uso de disolventes orgánicos en determinadas pinturas, vernices e en produtos de renovación do acabado de vehículos pode dar lugar a emisións de compostos orgánicos volátiles (COV) que xeran contaminación atmosférica, debido á contribución destes COV á formación de ozono troposférico. Por conseguinte, o contido de COV nos ditos produtos débese reducir, na medida que sexa técnica e economicamente viable, tendo en conta as condicións climáticas.

A Directiva 1999/13/CE do Consello, do 11 de marzo de 1999, incorporada ao dereito interno mediante o Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao

uso de disolventes en determinadas actividades, establece os requisitos que deberán cumprir as novas instalacións que utilicen determinadas cantidades de disolventes para o desenvolvemento das súas actividades.

Por outra parte, a Directiva 2001/81/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2001, estableceu os teitos nacionais de emisión de determinados contaminantes atmosféricos, entre eles os COV. Para impulsar o cumprimento dos obxectivos desta directiva, por Acordo de Consello de Ministros, do 25 de xullo de 2003, aprobouse o Programa nacional de redución progresiva de emisións nacionais, publicado por Resolución do 11 de setembro de 2003, da Secretaría a Xeral de Medio Ambiente.

Posteriormente, a Directiva 2004/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, limitou o contido total de COV en determinadas pinturas, vernices e produtos de renovación do acabado de vehículos modificando ademais certos aspectos da Directiva 1999/13/CE. Conforme coa Directiva 2004/42/CE débense adoptar medidas transitorias para os produtos fabricados antes de que entren en vigor as exixencias que recolle e facúltanse os Estados membros para conceder permisos individuais para a venda e adquisición, para fins específicos e en cantidades estritamente limitadas, de produtos que non cumpran os valores límite sobre disolventes previstos nesta. Finalmente, esta directiva completa as exixencias relativas á etiquetaxe de substancias e preparados químicos.

Faise, por tanto, necesario incorporar ao dereito interno a mencionada Directiva 2004/42/CE e, consecuentemente, modificar aspectos concretos do Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, así como establecer requisitos e condicións a aqueles produtos industriais que poidan causar danos ao ambiente, de acordo co previsto no título III, capítulo I, da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

Establécense dúas definicións que difiren das que recolle o Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro. A primeira, relativa a «composto orgánico volátil», cuxa aplicación, de acordo co criterio da Comisión Europea, exige, neste caso, unha definición máis sinxela que simplifique o control do cumprimento. A segunda, referente ao «disolvente orgánico», cuxa modificación se fixo necesaria para non excluír da definición aqueles COV que reaccionan quimicamente. Non obstante, a masa de COV dun produto dado, que reacciona quimicamente durante o secado para pasar a formar parte do recubrimento, non se considera, conforme este real decreto, parte do contido de COV.

De acordo coa normativa comunitaria, este real decreto establece unha serie de requisitos exixibles aos produtos relacionados no seu anexo I. Na súa virtude, os ditos produtos, para a súa comercialización, a partir das datas indicadas no anexo II, non superarán os contidos máximos de COV fixados nel. Ademais, tamén completa as exixencias relativas á etiquetaxe dos ditos produtos.

Así mesmo, establece que as comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, efectuarán o control para verificar o cumprimento deste, e predetermina as obrigas de información ao Ministerio de Medio Ambiente, para a súa remisión á Comisión Europea.

Na súa elaboración foron consultados os axentes económicos e sociais, as comunidades autónomas e o Consello Asesor de Medio Ambiente.

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias exclusivas que outorga ao Estado o artigo 149.1.13.ª, 16.ª e 23.ª da Constitución, en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, bases e coordinación xeral da sanidade e lexislación básica sobre protección do ambiente.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Medio Ambiente, de Industria, Turismo e Comercio e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo

de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 24 de febreiro de 2006,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto, que transpón a Directiva 2004/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, ten por obxecto limitar o contido total de COV nas pinturas, vernices e produtos de renovación do acabado de vehículos relacionados no anexo I, co fin de previr e reducir a contaminación atmosférica debida á contribución dos COV á formación de ozono troposférico.

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación os produtos que se vendan para uso exclusivo nas instalacións incluídas no ámbito de aplicación do Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, en que as medidas de limitación de emisións ofrezan medios alternativos de conseguir reducións polo menos equivalentes na emisión de COV.

3. Este real decreto aplícase sen prexuízo das exixencias en materia de prevención de riscos laborais e protección da saúde dos consumidores previstas na lexislación vixente.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do disposto neste real decreto, enténdese por:

a) Vehículo: todo vehículo de motor destinado a ser utilizado en estrada, estea completo ou incompleto, que teña polo menos catro rodas e alcance unha velocidade máxima de deseño superior a 25 km/h e os seus remolques ou semirremolques, a excepción dos vehículos que circulan sobre raís, os tractores forestais e agrícolas, e toda a maquinaria móbil.

b) Composto orgánico: todo composto que conteña carbono e un ou máis dos seguintes elementos: hidróxeno, halóxenos, oxíxeno, xofre, fósforo, silicio ou nitróxeno, salvo os óxidos de carbono e os carbonatos e bicarbonatos inorgánicos.

c) Composto orgánico volátil (COV): calquera composto orgánico que teña un punto de ebulición inicial menor ou igual a 250. °C a unha presión estándar de 101,3 kPa.

d) Contido de COV: a masa de compostos orgánicos volátiles, expresada en gramos por litro (g/l), na formulación do produto listo para o seu emprego; a masa de compostos orgánicos volátiles dun produto dado que reaccionan quimicamente durante o secado para pasar a formar parte do recubrimento non se considerará parte do contido de COV.

e) Renovación do acabado de vehículos: o recubrimento dun vehículo ou dunha parte deste, realizado como parte da súa reparación, conservación ou decoración do vehículo fóra das instalacións de fabricación.

f) Preparado: calquera mestura ou solución composta de dúas ou máis substancias.

g) Substancia: todo elemento químico e os seus compostos, en estado natural ou producidos pola industria, xa sexa en forma sólida, líquida ou gasosa.

h) Disolvente orgánico: calquera COV utilizado só ou en combinación con outros axentes para disolver ou diluír materias primas, produtos ou materiais de refugallo, ou utilizado como produto de limpeza para disolver contaminantes, ou como dispersante, regulador da viscosidade, regulador da tensión superficial, plastificante ou conservante.

i) Recubrimento: todo preparado, incluídos todos os disolventes orgánicos ou preparados que conteñan disol-

ventes orgánicos necesarios para a súa debida aplicación, que se utilice para obter un efecto decorativo, protector ou doutro tipo sobre unha superficie.

j) Recubrimentos de base auga (BA): os recubrimentos que conteñen auga para regular a súa viscosidade.

k) Recubrimentos de base disolvente (BD): os recubrimentos que conteñen disolventes orgánicos para regular a súa viscosidade.

l) Película: capa continua como resultado da aplicación dunha ou varias capas a un substrato.

m) Comercialización: a posta á disposición de terceiros, xa sexa a cambio dun pagamento ou non. Para os efectos deste real decreto, a importación ao territorio aduaneiro comunitario considerárase comercialización.

Artigo 3. *Requisitos.*

1. Os produtos relacionados no anexo I unicamente poderán ser comercializados en territorio nacional, despois das datas indicadas no anexo II, se o seu contido de COV non supera os valores máximos fixados no dito anexo II e cumpren o disposto no artigo 4.

2. Para determinar se se cumpren os ditos valores máximos utilizaranse os métodos de análises indicados no anexo III.

3. Sempre que para a utilización destes produtos sexa preciso engadir disolventes ou outros compoñentes que conteñan disolventes, os valores máximos fixados no anexo II aplicaranse ao contido de COV do produto listo para o seu emprego.

Artigo 4. *Etiquetaxe.*

Sen prexuízo das exixencias adicionais que en materia de etiquetaxe estableza a lexislación vixente, os produtos que figuran no anexo I levarán una etiqueta no momento da súa comercialización, que indique o seguinte:

a) A subcategoría do produto e os correspondentes valores máximos para o contido de COV en g/l como se indica no anexo II.

b) O contido máximo de COV en g/l do produto listo para o seu emprego.

Artigo 5. *Programa de control.*

1. Sen prexuízo das competencias que lle correspondan á Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas garantirán o cumprimento do disposto neste real decreto, sometendo os ditos produtos, entre outras, ás seguintes medidas de control:

a) Ás previstas no Real decreto 1801/2003, do 26 de decembro, sobre seguridade xeral dos produtos, para aqueles produtos afectados por este real decreto, a excepción dos produtos de renovación do acabado de vehículos.

b) Ás previstas na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, para os produtos de renovación do acabado de vehículos afectados por este real decreto.

2. Os produtos obxecto deste real decreto serán considerados seguros cando cumpran, ademais dos requisitos que lles sexan exixibles pola lexislación vixente, o disposto neste real decreto.

Artigo 6. *Información ao Ministerio de Medio Ambiente.*

As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Medio Ambiente un informe que conteña os resultados das medidas do programa de control a que se refire o artigo 5 e unha relación das categorías e cantidades de produto para cuxa compravenda concedesen permisos, segundo o disposto na disposición adicional segunda,

para os efectos da súa comunicación á Comisión Europea. Os dous primeiros informes presentaranse 12 meses despois das datas de cumprimento dos valores límite para o contido de COV que establece o anexo II. Posteriormente, presentaranse cada cinco anos.

Artigo 7. *Réxime sancionador.*

O incumprimento das obrigas establecidas neste real decreto sancionárase de conformidade co disposto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando e a Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios.

Disposición adicional única. *Restauración e mantemento de edificios e vehículos antigos.*

As autoridades competentes poderán expedir permisos de compra e venda individualizados, en cantidades estritamente limitadas, de produtos que superen os contidos máximos de COV fixados no anexo II, para a restauración e mantemento de edificios e vehículos antigos cuxo valor histórico e cultural fose recoñecido conforme a normativa vixente.

Disposición transitoria única. *Réxime aplicable a determinadas pinturas e vernices e produtos de renovación do acabado de vehículos, con data de produción anterior á indicada no anexo II.*

Os produtos comprendidos no ámbito de aplicación deste real decreto cuxa data de produción debidamente acreditada sexa anterior ás datas fixadas no anexo II e que incumpran os requisitos do artigo 3 poderanse comercializar durante un período de 12 meses a partir da data de entrada en vigor do requisito que se aplica ao produto en cuestión.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades.*

A sección 12 do anexo I do Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, terá a seguinte redacción:

«12. Renovación do acabado de vehículos.

Toda actividade industrial ou comercial de recubrimiento e actividades conexas de desengraxamento mediante as cales se efectúe:

a) O recubrimiento orixinal do vehículo de estrada, ou dunha parte daquel, con materiais do tipo de renovación do acabado, cando se realice fóra da liña de fabricación orixinal, ou

c) O recubrimiento de remolques (incluídos os semirremolques) (categoría O).»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a, 16.^a e 23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, bases e coordina-

ción xeral da sanidade e lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

1. Os ministros de Medio Ambiente, de Industria, Turismo e Comercio e de Sanidade e Consumo ditarán, conxunta ou separadamente, segundo as materias de que se trate, e no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

2. Facúltanse os ministros de Medio Ambiente, de Industria, Turismo e Comercio e de Sanidade e Consumo para, conxunta ou separadamente, segundo as materias de que se trate, e no ámbito das súas competencias, introducir nos anexos deste real decreto cantas modificacións de carácter técnico fosen precisas para mantelo adaptado ás innovacións que se produzan no disposto pola normativa comunitaria.

3. Así mesmo, os ministros de Medio Ambiente, de Industria, Turismo e Comercio e de Sanidade e Consumo poderán, mediante orde ministerial, establecer requisitos técnicos para limitar as emisións de COV procedentes das actividades de renovación do acabado de vehículos suprimidas do ámbito de aplicación do Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación íntegra no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de febreiro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I

Produtos industriais incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto

Os produtos industriais incluídos neste real decreto divídense nas seguintes categorías:

A) Determinadas pinturas e vernices,
B) Produtos de renovación do acabado de vehículos.

A) Determinadas pinturas e vernices: recubrimientos aplicados aos edificios, á súa carpintaría e gornicións e estruturas asociadas para fins decorativos, funcionais ou de protección, con exclusión dos aerosois. Comprenden as seguintes subcategorías:

a) Recubrimientos mate para paredes e teitos interiores: os recubrimientos concibidos para seren aplicados en paredes e teitos interiores cun grao de brillo ≤ 25 medido a 60°;

b) Recubrimientos brillantes para paredes e teitos interiores: os recubrimientos concibidos para seren aplicados en paredes e teitos interiores cun grao de brillo > 25 medido a 60°;

c) Recubrimientos para paredes exteriores de substrato mineral: os recubrimientos concibidos para seren aplicados en paredes exteriores de albanelaría, ladrillo ou estuco;

d) Pinturas interiores/exteriores para carpintaría ou plástico, revestimentos de madeira, metal ou plástico: os recubrimientos concibidos para seren aplicados sobre carpintarías e revestimentos co resultado dunha película

opaca. Estes recubrimientos están concibidos para substratos de madeira, metal ou plástico. Esta subcategoría inclúe as pinturas e recubrimientos intermedios;

e) Vernices e lasures interiores/exteriores para carpintaría: os recubrimientos concibidos para seren aplicados en carpintarías co resultado dunha película transparente ou semitransparente decorativa ou de protección da madeira, o metal e os plásticos. Esta subcategoría inclúe os lasures opacos. Enténdese por lasures opacos os recubrimientos que producen unha película opaca para a decoración e protección da madeira contra as alteracións por exposición á intemperie, tal como se definen na norma EN 927-1, dentro da categoría semiestable;

f) Lasures de espesor mínimo: os lasures que, consoante a norma EN 927-1:1996, teñan un espesor medio inferior a 5 μm segundo o método 5A da norma ISO 2808:1997;

g) Imprimitacións: os recubrimientos que teñen propiedades de selaxe ou illantes destinados a seren utilizados sobre madeira, paredes e teitos;

h) Imprimitacións consolidantes: os recubrimientos concibidos para estabilizar as partículas de substrato soltas ou para infundir propiedades hidrófugas ou protexer a madeira contra o fungo azul;

i) Recubrimientos de altas prestacións dun compoñente: os recubrimientos especiais baseados nun material formador dunha película. Están concibidos para cumprir determinadas funcións de altas prestacións como a imprimación e monocapa para plásticos, a capa de imprimación para substratos ferrosos, a capa de imprimación para metais reactivos como o zinc e o aluminio, acabamentos anticorrosión, recubrimientos de chans, incluídos de madeira e cemento, resistencia ao graffiti, resistencia ao lume, utilización en recintos sanitarios das industrias alimentarias, de bebidas e servizos de saúde;

j) Recubrimientos de altas prestacións de dous compoñentes: os recubrimientos utilizados para os mesmos fins que os recubrimientos dun compoñente, aos cales se engade un segundo compoñente (por exemplo, aminas terciarias) antes da aplicación;

k) Recubrimientos multicor: os recubrimientos concibidos para obter un efecto de cor múltiple ou de dous tons, directamente desde a primeira aplicación;

l) Recubrimientos de efectos decorativos: os recubrimientos concibidos para obter efectos estéticos especiais en substratos preparados previamente pintados ou fondos bicapa e tratados, posteriormente, con distintos instrumentos durante o período de secado.

B) Produtos de renovación do acabado de vehículos: son aqueles que se utilizan para o recubrimiento de vehículos de estrada, tal como se definen na Directiva 70/156/CEE, ou de partes destes, realizándose o recubrimiento para a reparación, conservación ou decoración do vehículo fóra das instalacións de fabricación. Comprenden as seguintes subcategorías:

a) Produtos preparatorios e de limpeza: os produtos concibidos para seren aplicados para eliminar antigos recubrimientos e óxidos con medios mecánicos ou químicos ou para proporcionar adhesión para os novos recubrimientos;

i) os produtos preparatorios inclúen os limpadores de pistola (produtos deseñados para limpar pistolas pulverizadoras e outros equipamentos), os decapantes de pintura, os desengraxantes (incluídos os de tipo antiestático para plásticos) e os decapantes de silicona;

ii) entenderase por «produto de limpeza» un produto de limpeza utilizado para eliminar a contaminación de superficie no proceso de preparación e antes da aplicación dos materiais de recubrimiento;

b) Masillas e masillas de alto espesor/selantes: os compostos de alto poder de recheo que poden ser aplica-

dos para cubrir imperfeccións profundas da superficie antes da aplicación do aparello de superficie;

c) Imprimacións: calquera recubrimento deseñado para ser aplicado a metal nu ou a acabamentos existentes para prover protección contra a corrosión antes da aplicación das imprimacións de superficie;

i) entenderase por «aparello de superficie» o recubrimento deseñado para a aplicación inmediatamente anterior ao acabamento para proporcionar resistencia á corrosión, garantir a adhesión do acabamento e contribuir á formación dunha superficie uniforme mediante o recheo de imperfeccións menores da superficie;

ii) entenderase por «imprimacións xerais de metal» os recubrimientos que se aplican como imprimacións tales como os promotores de adherencia, seladores, imprimacións de superficie, capas de fondo, imprimacións para plásticos, aparellos húmido sobre húmido, aparellos non lixables e aparellos de pistola;

iii) entenderase por «imprimación fosfatante» o recubrimento que contén un mínimo do 0.5 % de peso de ácido fosfórico e que está destinado a ser aplicado directamente en superficies de metal nús para aumentar a adhesión e a resistencia á corrosión. Inclúense nesta subcategoría os recubrimientos utilizados como imprimacións soldables e as solucións mordentes para superficies galvanizadas e de zinc;

d) Acabamentos: os recubrimientos pigmentados concibidos para seren aplicados como sistema monocapa ou multicapa para proporcionar brillo e durabilidade. Inclúense nesta subcategoría todos os produtos deste tipo tales como os acabamentos de base e os vernices de acabamento;

i) entenderase por «acabamento de base» os recubrimientos pigmentados concibidos para proporcionar cor e calquera efecto óptico desexado, pero non o brillo nin a resistencia dos acabamentos;

ii) entenderase por «vernices de acabamento» os recubrimientos transparentes destinados a proporcionar o brillo final e as propiedades de resistencia propias do sistema de recubrimento;

e) Acabamentos especiais: os recubrimientos concibidos para seren aplicados como acabamentos con propiedades especiais tales como efecto metálico ou anacorado, nunha única capa, cores de alto rendemento e vernices de acabamento (por exemplo, verniz de acabamento resistente ao raiado e verniz fluorado), acabamento de base reflectora, acabamentos texturados (por exemplo, martelado), antiesvaradio, protector de baixos, recubrimientos antigra, acabamentos interiores; e aerosois.

ANEXO II

A. Contido máximo de COV das pinturas e vernices

	Subcategoría de produto	Tipo	Fase I [g/l (*)] (a partir do 1.1.2007)	Fase II [g/l (*)] (a partir do 1.1.2010)
A	Produtos mate para interiores: paredes e teitos (brillo < 25 medido a 60°).	BA BD	75 400	30 30
B	Produtos brillantes para interiores: paredes e teitos (brillo > 25 medido a 60°).	BA BD	150 400	100 100
C	Produtos para paredes exteriores de substrato mineral.	BA BD	75 450	40 430

	Subcategoría de produto	Tipo	Fase I [g/l (*)] (a partir do 1.1.2007)	Fase II [g/l (*)] (a partir do 1.1.2010)
D	Pinturas interiores/exteriores para madeira ou metal, carpintaría e revestimentos.	BA BD	150 400	130 300
E	Vernices e lasures interiores/exteriores para carpintaría, incluídos os lasures opacos.	BA BD	150 500	130 400
F	Lasures interiores/exteriores de espesor mínimo.	BA BD	150 700	130 700
G	Imprimacións.	BA BD	50 450	30 350
H	Imprimacións consolidantes.	BA BD	50 750	30 750
I	Recubrimientos de altas prestacións dun compoñente.	BA BD	140 600	140 500
J	Recubrimientos de altas prestacións reactivos de dous compoñentes para usos finais específicos, por exemplo, chans.	BA BD	140 550	140 500
K	Recubrimientos multicor.	BA BD	150 400	100 100
L	Recubrimientos de efectos decorativos.	BA BD	300 500	200 200

(*) g/l listo para o seu emprego.

B. Contido máximo de COV dos produtos de renovación do acabamento de vehículos

	Subcategoría de produto	Recubrimientos	COV g/l (*) (1.1.2007)
A	Preparación e limpeza.	Produto preparatorio. Produto de prelimpieza.	850 200
B	Masillas e masillas de alto espesor/selante.	Todos os tipos.	250
C	Imprimacións.	Aparellos de superficie e imprimacións xerais de metal. Imprimacións fosfatan-tes.	540 780
D	Acabamentos.	Todos os tipos.	420
E	Acabamentos especiais.	Todos os tipos.	840

(*) g/l listo para o seu emprego. Excepto subcategoría A), deberíase descontar o contido de auga do produto listo para o seu emprego.

ANEXO III**Métodos considerados no número 2 do artigo 3**

Parámetro	Unidade	Proba	
		Método	Data de publicación
Contido de COV	g/l	ISO 11890-2	2002
Contido de COV cando estean presente diluíntes reactivos . .	g/l	ASTMD 2369	2003